Sexto: Unha vez elaborada a proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT), iniciouse a negociación coas organizacións sindicais máis representativas, sendo convidados os sindicatos: UGT, CCOO, CSIF e CIG. A Mesa Xeral estaba convocada para o luns, día 30/06/2025, ás 12:00 horas. Sen embargo, non acudiu ningún representante da parte traballadora, levantándose Acta ao respecto, que queda incorporada ao expediente administrativo.

Sétimo: O día 01/07/2025, con rexistro de entrada 202599900000325 a empresa encargada de elaborar a modificación da RPT, presenta o documento técnico para ser sometido a aprobación do Pleno Corporativo.

Oitavo*:* Mediante Providencia da Alcaldía solicitouse informe da Secretaría-Intervención.

Noveno*:* Informe da Secretaría-Intervención núm. 121/2025 do 0207/2025.

Cumprimentado o procedemento previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de emprego publico de Galicia, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación núm. 2 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Lousame, que consta no documento técnico incorporado ao expediente administrativo (con rexistro de entrada 202599900000068 do 10/02/2025 e con rexistro de entrada 202599900000325 de 01/07/2025).

Segundo: Aprobar inicialmente a seguinte regra para a implantación efectiva dos efectos económicos derivados da modificación núm. 2 da RPT: comezaría a aplicarse a partir da súa entrada en vigor, e con efectos retroactivos a 01/01/2025, xa que o posto de traballo afectado, está sendo desempeñado de xeito efectivo cunha dispoñibilidade parcial.

Terceiro: O expediente será sometido a información pública por un prazo non inferior a 20 días hábiles, mediante anuncio inxerido no Boletín Oficial da Provincia e sede electrónica municipal, para que calquera interesado poida presentar as alegacións, reclamacións ou suxerencias que estime oportunas.

Cuarto: Se finalizado o período de información pública non se presentasen reclamacións, suxestións ou alegacións, a aprobación inicial quedaría elevada a definitiva. No caso contrario, a Relación de Postos de Traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolucións das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Quinto: Unha vez aprobada definitivamente, remitirase unha copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e Comunidade Autónoma dentro do prazo de 30 días. Do mesmo xeito, será publicada integramente no BOP"

7.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA OF REGULADORA DO IVTM (2025/G016/000001)

A Alcaldesa da conta da seguinte proposta, ditaminada pola CIACP, que se somete a aprobación do Pleno Corporativo:

PROPOSTA DA ALCALDÍA DITAMINADA POLA CIACP DO DÍA 18/07/2026
Resultado da votación na CIAP:
Unanimidade dos seis (6) concelleiros presentes.

Asunto: *Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM)*
Expediente: *2025/G016/000001*

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

1. O Concello de Lousame acordou, no seu momento, a fixación dos tipos impositivos do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, mediante a aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora do citado imposto.

1. Durante moitos exercicios orzamentarios (*dende o 2008*), o coeficiente de incremento aprobado, que se aplica sobre as cotas mínimas legais establecidas no artigo 95.1 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais (RDLexislativo 2/2004, do 5 do marzo), está fixado no 1,10.

2. Logo de 18 anos, considérase conveniente proceder a un lixeiro incremento dos tipos de gravame; xa que os gastos estruturais e fixos do Concello foron incrementados pola entrada en vigor de diferente normativa (tanto estatal coma autonómica). Por todo isto, é necesario acadar a maior suficiencia financeira da entidade local, que lle permita atender as súas competencias mínimas e obrigatorias, así como satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

3. Para acadar estes obxectivos de interese público, preténdese modificar a Ordenanza Fiscal no seguinte senso:

Redacción actual	Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable a este Concello será o 1,10.

Modificación proposta	Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

	Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable a este Concello será o 1,40.

4. Informe da Secretaría-Intervención núm. 122 do 02/07/2025

Fundamentación Xurídica:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

1. O procedemento para modificar a ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da "*Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de sobre vehículos de tracción mecánica"*, nos termos que figuran no expediente e coa redacción que de seguido se indica:

Redacción actual	Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable a este Concello será o 1,10.
Modificación proposta	Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable a este Concello será o 1,40.

Segundo: Abrir o período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello.

Terceiro: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Cuarto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza fiscal reguladora terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro do 2026"

Lousame, na data da sinatura dixital.
A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

Asunto: *Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM)*
Expediente: *2025/G016/000001*

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

1. O Concello de Lousame acordou, no seu momento, a fixación dos tipos impositivos do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, mediante a aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora do citado imposto.

2. Durante moitos exercicios orzamentarios (*dende o 2008*), o coeficiente de incremento aprobado, que se aplica sobre as cotas mínimas legais establecidas no artigo 95.1 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais (RDLexislativo 2/2004, do 5 do marzo), está fixado no 1,10.

3. Logo de 18 anos, considérase conveniente proceder a un lixeiro incremento dos tipos de gravame; xa que os gastos estruturais e fixos do Concello foron incrementados pola entrada en vigor de diferente normativa (tanto estatal coma autonómica). Por todo isto, é necesario acadar a maior suficiencia financeira da entidade local, que lle permita atender as súas competencias mínimas e obrigatorias, así como satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

4. Para acadar estes obxectivos de interese público, preténdese modificar a Ordenanza Fiscal no seguinte senso:

Redacción actual	Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable a este Concello será o 1,10.
Modificación proposta	Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable a este Concello será o 1,40.

5. Informe da Secretaría-Intervención núm. 122 do 02/07/2025

Fundamentación Xurídica:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

2. O procedemento para modificar a ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da "*Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto de sobre vehículos de tracción mecánica"*, nos termos que figuran no expediente e coa redacción que de seguido se indica:

Redacción actual	Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable a este Concello será o 1,10.
Modificación proposta	Artigo 1º.- De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o coeficiente de incremento das cotas do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica aplicable a este Concello será o 1,40.

Segundo: Abrir o período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello.

Terceiro: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Cuarto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza fiscal reguladora terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro do 2026"

8.- INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DOUTROS ASUNTOS POR RAZÓN DE URXENCIA.

Non se presentan.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DA 291/2025 Á 408/2025 (2025/G006/000165).

A Alcaldía da conta das Resolucións por ela emitidas, da núm. 291/2025 á 408/2025.

A Corporación toma coñecemento.

10.- DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XGL: SESIÓN DO 30/05/2025 E 20/06/2025 (2025/G006/000166).

A Alcaldesa da conta dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, mediante a remisión das seguintes actas:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

— Acta XGL do 30/05/2025

— Acta XGL do 20/06/2025

A Corporación toma coñecemento.

11.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN EN RELACIÓN COA LOEPSF (2025/G006/000167).

Por medio do presente, dáse conta dos Informes da Intervención relativos á estabilidade orzamentaria emitidos nos seguintes expedientes:

— MC 5/2025
— MC 6/2025
— MC 7/2025
— MC 8/2025
— MC 9/2025
— MC 10/2025
— MC 11/2025
— MC 12/2025
— MC 13/2025
— MC 14/2025
— MC 15/2025

A Corporación toma coñecemento.

12.- MOCIÓN SOBRE GAZA A PETICIÓN DE AMNISTÍA INTERNACIONAL (2025/G006/000164)

A Alcaldesa da conta da seguinte moción, ditaminada pola CIACP, que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, procedendo á súa lectura D. Esteban Ares García:

PROPOSTA DA ALCALDÍA DITAMINADA POLA CIACP DO DÍA 18/07/2026
Resultado da votación na CIAP:
Unanimidade dos seis (6) concelleiros presentes.

"Hai máis dun ano que o mundo é testemuña dun grao inconcibible de morte e destrución na Franxa de Gaza ocupada. O brutal ataque de Israel contra a poboación palestina de Gaza matou a decenas de miles de persoas, a maioría civís, incluídos nenos e nenas, borrado da face da terra a familias enteiras, arrasado barrios residenciais, destruído infraestruturas críticas e desprazado forzosamente a 1,9 millóns de palestinos e palestinas -máis do 90% da poboación da Franxa de Gaza-, causando unha catástrofe humanitaria sen precedentes.

Durante as operacións militares israelís en Gaza que comezaron tras os terribles ataques de Hamás, constitutivos de crimes de guerra, do 7 de outubro do ano 2023 que ocasionaron a morte de mais de 1250 persoas e a toma de reféns de mais de 250 persoas, Israel puxo en marcha innumerables accións encamiñadas a causar un dano irreparable á poboación palestina.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Mentres o mundo mira impasible, Israel rompeu unilateralmente o cesamento do fogo e segue cometendo ataques implacables con impunidade que causan a perda incesante de vidas palestinas mentres a desesperada catástrofe humanitaria en Gaza empeora cada vez máis. Á luz da urxencia da situación o **Concello de Lousame**, pide:

- Que Israel e Hamás acorden e manteñan un cesamento do fogo inmediato e sostido encamiñado a protexer a vida da poboación civil en Gaza.

- Que as autoridades israelís deixen inmediatamente de cometer actos prohibidos na Convención sobre o Xenocidio contra a poboación palestina de Gaza, o que inclúe a matanza dos seus membros, lesión grave á súa integridade física ou mental e sometemento intencional dela a condición de existencia que haberían de carrexar a súa destrución física.

- Que as autoridades israelís faciliten con urxencia o acceso humanitario e a entrega de axuda a Gaza, levanten o bloqueo inhumano e ilegal a este territorio e poñan fin á ocupación do Territorio Palestino Ocupado, poñendo en práctica a opinión consultiva da Corte Internacional de Xustiza de xullo de 2024 que declaraba ilegal a ocupación por Israel de Gaza e de Cisxordania, incluída Xerusalén Oriental.

- Que Hamás e outros grupos en Gaza liberen inmediatamente as persoas civís, tanto israelís como estranxeiras, retidas como reféns, e que Israel libere ás persoas palestinas detidas arbitrariamente. Nin o uno nin o outro pode estar supeditado ao resultado das negociacións políticas sobre a seguinte fase da tregua.

- Que a Unión Europea utilice o seu poder e influencia en favor dos dereitos humanos, a xustiza e a rendición de contas. En concreto que garanta o respecto aos Convenios de Xenebra que esixen, como mínimo, que todos os Estados suspendan as transferencias de armas ás partes no conflito, cooperen para garantir a rendición de contas por violacións do dereito internacional e apoien ás institucións e mecanismo internacionais, incluídas as investigacións da Corte Penal Internacional e da Comisión de Investigación da ONU sobre o Territorio Palestino Ocupado.

- Que a Unión Europea se opoña frontalmente a calquera intento de establecer unha presenza militar permanente en Gaza, modificar as súas fronteiras ou deportar á poboación palestino de Gaza ou Cisxordania, e recoñeza que este traslado forzoso é unha grave infracción do Cuarto Convenio de Xenebra e constitúe un crime de guerra"

Lousame, na data da sinatura dixital.
A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, aproba a seguinte MOCIÓN:

"Hai máis dun ano que o mundo é testemuña dun grao inconcibible de morte e destrución na Franxa de Gaza ocupada. O brutal ataque de Israel contra a poboación palestina de Gaza matou a decenas de miles de persoas, a maioría civís, incluídos nenos e nenas, borrado da face da terra a familias enteiras, arrasado barrios residenciais, destruído infraestruturas críticas e desprazado forzosamente a 1,9 millóns de palestinos e palestinas -máis do 90% da poboación da Franxa de Gaza-, causando unha catástrofe humanitaria sen precedentes.

Durante as operacións militares israelís en Gaza que comezaron tras os terribles ataques de Hamás, constitutivos de crimes de guerra, do 7 de outubro do ano 2023 que ocasionaron a morte de mais de 1250 persoas e a toma de reféns de mais de 250 persoas, Israel puxo en marcha innumerables accións encamiñadas a causar un dano irreparable á poboación palestina.

Mentres o mundo mira impasible, Israel rompeu unilateralmente o cesamento do fogo e segue cometendo ataques implacables con impunidade que causan a perda incesante de vidas palestinas mentres a desesperada catástrofe humanitaria en Gaza empeora cada vez máis. Á luz da urxencia da situación o **Concello de Lousame**, pide:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Que Israel e Hamás acorden e manteñan un cesamento do fogo inmediato e sostido encamiñado a protexer a vida da poboación civil en Gaza.

- Que as autoridades israelís deixen inmediatamente de cometer actos prohibidos na Convención sobre o Xenocidio contra a poboación palestina de Gaza, o que inclúe a matanza dos seus membros, lesión grave á súa integridade física ou mental e sometemento intencional dela a condición de existencia que haberían de carrexar a súa destrución física.

- Que as autoridades israelís faciliten con urxencia o acceso humanitario e a entrega de axuda a Gaza, levanten o bloqueo inhumano e ilegal a este territorio e poñan fin á ocupación do Territorio Palestino Ocupado, poñendo en práctica a opinión consultiva da Corte Internacional de Xustiza de xullo de 2024 que declaraba ilegal a ocupación por Israel de Gaza e de Cisxordania, incluída Xerusalén Oriental.

- Que Hamás e outros grupos en Gaza liberen inmediatamente as persoas civís, tanto israelís como estranxeiras, retidas como reféns, e que Israel libere ás persoas palestinas detidas arbitrariamente. Nin o uno nin o outro pode estar supeditado ao resultado das negociacións políticas sobre a seguinte fase da tregua.

- Que a Unión Europea utilice o seu poder e influencia en favor dos dereitos humanos, a xustiza e a rendición de contas. En concreto que garanta o respecto aos Convenios de Xenebra que esixen, como mínimo, que todos os Estados suspendan as transferencias de armas ás partes no conflito, cooperen para garantir a rendición de contas por violacións do dereito internacional e apoien ás institucións e mecanismo internacionais, incluídas as investigacións da Corte Penal Internacional e da Comisión de Investigación da ONU sobre o Territorio Palestino Ocupado.

- Que a Unión Europea se opoña frontalmente a calquera intento de establecer unha presenza militar permanente en Gaza, modificar as súas fronteiras ou deportar á poboación palestino de Gaza ou Cisxordania, e recoñeza que este traslado forzoso é unha grave infracción do Cuarto Convenio de Xenebra e constitúe un crime de guerra"

13.- INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DOUTRAS MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

13.1- MOCIÓN DO PSDG-PSOE SOBRE EDUCACIÓN

O voceiro do PSdG-PSOE explica as razóns que xustifican a urxencia da moción.

Tras as oportunas intervencións, a Alcaldía somete a consideración do Pleno Corporativo a urxencia da moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP) e cinco (5) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto ao non alcanzar o quórum da maioría absoluta, rexéitase a moción presentada polo GPM do PSdG-PSOE.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

13.2- MOCIÓN DO PSDG-PSOE SOBRE A FALLA DE SERVIZO DE FIBRA ÓPTICA E INTERNET EN VARIOS NÚCLEOS DE LOUSAME

O voceiro do PSdG-PSOE explica as razóns que xustifican a urxencia da moción.

Tras as oportunas intervencións, a Alcaldía somete a consideración do Pleno Corporativo a urxencia da moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto ao alcanzar o quórum da maioría absoluta, apróbase a urxencia da moción presentada polo GPM do PSdG-PSOE e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

Sendo as 21:45 horas, abandona a sesión plenaria a concelleira do GPM do PP, dona Mariel Agrafojo Nieto, por problemas de saúde.

A moción presentada polo GPM do PSdG-PSOE é a seguinte:

Moción sobre a falla de servizo de fibra óptica e internet en varios núcleos de Lousame

O Grupo Municipal Socialista no concello de Lousame, ao abeiro da regulación contida no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e como consecuencia das reiteradas queixas que recibimos por parte dun amplo número de veciños en torno á carencia ou precariedade do servizo de internet, eleva ao Pleno a proposta de acordo en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é ben sabido, nos tempos que corren a conectividade ó servizo de internet resulta de todo punto esencial, debido a múltiples factores: o avance das tecnoloxías da información e da comunicación, a normalización da comunicación electrónica coas administracións, a súa necesidade para levar a cabo as tarefas propias dos sectores laborais e educativos... Cuestións todas elas fundamentais para os veciños do noso Concello.

Así, consideramos que a ausencia de conexión ós servizos de internet por medio de fibra óptica en varios núcleos do noso termo municipal afecta ó normal desenvolvemento da vida dos nosos veciños, pois unha mala conexión impide, como así nos fan saber, o acceso normal a plataformas educativas, de traballo ou de diversas administracións. Situación esta que os obriga a desprazarse para estudar, traballar ou para realizar diversos trámites que non poden levar a cabo por mor desa mala conexión.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Do mesmo xeito, a falta de previsión por parte das administracións competentes ou das empresas encargadas da instalación destes servizos provoca que haxa núcleos nos que, pese a que a infraestrutura pasa moi preto dos mesmos, non teñan acceso ó servizo. A isto súmanse os problemas coa cobertura de telefonía móbil, pois existen zonas nas que ditos problemas impiden poder contratar os servizos de internet e telefonía cunha mesma compañía, encarecendo a factura destes veciños, que non poden acceder a promocións de internet + liña telefónica.

E todo isto ocorre nun contexto no que Lousame ven sufrindo un despoboamento significativo nos últimos anos, que consideramos en parte motivado pola falta de certos servizos básicos. Un deles, sen dúbida, unha boa conectividade a internet, fundamental hoxe en día para fixar poboación no rural.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Lousame eleva a Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1.- Instar á Xunta de Galicia á dotación do servizo de fibra óptica en todos os núcleos do Concello de Lousame, así como a garantir unha cobertura 5G axeitada.

2.- Instar ás empresas instaladoras beneficiarias de subvencións públicas para a instalación das redes de fibra óptica a que leven a cabo a instalación destes servizos coa maior celeridade posible.

3.- Solicitar o Concello de Lousame a colaboración das distintas administracións públicas competentes, co obxectivo de axilizar a execución das instalacións de redes de fibra óptica.

4.- Instar tanto ás administracións como ás empresas a manter un diálogo fluído cos veciños afectados, co fin de facilitar e acordar a instalación do servizo da maneira máis axeitada.

En Lousame, a 24 de xullo de 2025.

Tras a quenda de intervencións, o GPM do PP propón a emenda da moción, no sentido de engadir que se inste ademais de á Xunta de Galicia ao Goberno de España.

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE amósase conforme coa emenda proposta, e sométese así a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, APROBA A SEGUINTE MOCIÓN:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é ben sabido, nos tempos que corren a conectividade ó servizo de internet resulta de todo punto esencial, debido a múltiples factores: o avance das tecnoloxías da información e da comunicación, a normalización da comunicación electrónica coas administracións, a súa necesidade para levar a cabo as tarefas propias dos sectores laborais e educativos... Cuestións todas elas fundamentais para os veciños do noso Concello.

Así, consideramos que a ausencia de conexión ós servizos de internet por medio de fibra óptica en varios núcleos do noso termo municipal afecta ó normal desenvolvemento da vida dos nosos veciños, pois unha mala conexión impide, como así nos fan saber, o acceso normal a plataformas educativas, de traballo ou de diversas administracións. Situación esta que os obriga a desprazarse para estudar, traballar ou para realizar diversos trámites que non poden levar a cabo por mor desa mala conexión.

Do mesmo xeito, a falta de previsión por parte das administracións competentes ou das empresas encargadas da instalación destes servizos provoca que haxa núcleos nos que, pese a que a infraestrutura pasa moi preto dos mesmos, non teñan acceso ó servizo. A isto súmanse os problemas coa cobertura de telefonía móbil, pois existen zonas nas que ditos problemas impiden poder contratar os servizos de internet e telefonía cunha mesma compañía, encarecendo a factura destes veciños, que non poden acceder a promocións de internet + liña telefónica.

E todo isto ocorre nun contexto no que Lousame ven sufrindo un despoboamento significativo nos últimos anos, que consideramos en parte motivado pola falta de certos servizos básicos. Un deles, sen dúbida, unha boa conectividade a internet, fundamental hoxe en día para fixar poboación no rural.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Lousame eleva a Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España á dotación do servizo de fibra óptica en todos os núcleos do Concello de Lousame, así como a garantir unha cobertura 5G axeitada.

2.- Instar ás empresas instaladoras beneficiarias das subvencións públicas para instalación das redes de fibra óptica a que leven a cabo a instalación destes servizos coa maior celeridade posible.

3.- Solicitar o Concello de Lousame a colaboración das distintas administracións públicas competentes, co obxecto de axilizar a execución das instalacións de redes de fibra óptica.

4.- Instar tanto ás administracións como ás empresas a manter un diálogo fluído cos veciños afectado, co fin de facilitar e acordar a instalación do servizo da maneira máis axeitada.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

13.3- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA A DEFENSA DO SISTEMA PÚBLICO DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA E A MELLORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O voceiro do Grupo Mixto explica as razóns que xustifican a urxencia da moción.

Tras as oportunas intervencións, a Alcaldía somete a consideración do Pleno Corporativo a urxencia da moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por cinco (5) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP) e cinco (5) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto ao non alcanzar o quórum da maioría absoluta, rexéitase a moción presentada polo Grupo Mixto.

14.- ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS:

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número **2025/G010/000008** e identificado pola pegada dixital:

b239c43c8d6bd1f4ff2c2f551bcdc6c0e621aaf914c0372438edcea7df5d2847

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://concellodelousame.gal/index.php/gl/concello/plenos

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión, á hora indicada no encabezamento; da que se estende a presente acta, que asina comigo a Alcaldía e da que eu, secretaria, dou fe.

A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais

A Secretaria, Paula Ares Otero

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).